

Resolución do 15 de xaneiro de 2025, do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, pola que se aproba a proposta definitiva de concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas intramurais de recursos humanos do IDIS.

Con data 8 de novembro de 2024, o IDIS publicou as bases da convocatoria de axudas intramurais de recursos humanos, coas características que se indican a continuación:

- Seis (6) axudas de tres anos de duración para a contratación de persoal para a realización da tese de doutoramento en grupos pertencentes ao IDIS, das que tres (3) axudas adxudicaránse a grupos emerxentes e asociados clínicos e tres (3) a grupos consolidados. O obxecto destas axudas é a formación de investigadores no ámbito da Biomedicina e Ciencias da Saúde, mediante a concesión, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, de axudas predoutorais para a realización de teses de doutoramento.
- Tres (3) axudas de tres anos de duración para a contratación de doutores recentes no marco dos grupos de investigación do Instituto. O obxecto destas axudas é a formación de investigadores no ámbito da Biomedicina e Ciencias da Saúde, mediante a concesión, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, de axudas posdoutorais para a realización de proxectos de investigación supervisada no marco dos Grupos de Investigación pertencentes ao IDIS.
- Unha (1) axuda de tres anos de duración para a contratación dun técnico de plataforma. O obxecto desta axuda consiste en fortalecer os servizos e impulsar a actividade das plataformas de apoio común do IDIS mediante a contratación de persoal técnico en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

De acordo co establecido no artigo 8 da convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicouse a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas. Rematado o prazo para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas, e revisada esta documentación, o 18 de decembro de 2024 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

De acordo co establecido no artigo 10.1 da convocatoria, o 20 de decembro de 2024, a Presidencia do Comité de Avaliación eleva á Dirección Científica a proposta de relación de adxudicatarios e unha lista de candidatos/as en reserva.

Rematado o prazo para formular reclamacións, e examinadas as alegacións presentadas polas persoas interesadas, esta Dirección

RESOLVE

PRIMEIRO. Aprobar a relación definitiva de concesión e de candidaturas en reserva das axudas para a realización de teses de doutoramento no marco dos grupos de investigación do IDIS ás seguintes persoas solicitantes:

- Na categoría de **GRUPOS CONSOLIDADOS:**

- **CANDIDATURAS CONCEDIDAS:**

CÓDIGO	NOME CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN APARTADO 1	PUNTUACIÓN APARTADO 2	PUNTUACIÓN TOTAL
IDISPRE1784/2024	M ^a Teresa Abengoza Bello	41.15	39	80.15
IDISPRE1802/2024	Carla Coedo Costa	41.10	38	79.10
IDISPRE1778/2024	Hoda Tayebi Hillali	50.80	16	66.80

- **CANDIDATURAS EN RESERVA:**

Deserta

- Na categoría de **GRUPOS EMERXENTES E ASOCIADOS CLÍNICOS:**

- **CANDIDATURAS CONCEDIDAS:**

CÓDIGO	NOME CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN APARTADO 1	PUNTUACIÓN APARTADO 2	PUNTUACIÓN TOTAL
IDISPRE1795/2024	Lucía Santiago Lamelas	44.30	38	82.30
IDISPRE1791/2024	Diego Muñoz Moreno	45.40	32	77.40
IDISPRE1805/2024	Carmen Macías Real	38.55	34	72.55

- **CANDIDATURAS EN RESERVA:**

Deserta

SEGUNDO. Aprobar a relación definitiva de concesión e de candidaturas en reserva das axudas de investigación posdoutoral para a realización de proxectos de investigación no marco dos grupos de investigación do IDIS ás seguintes persoas solicitantes:

○ **CANDIDATURAS CONCEDIDAS:**

CÓDIGO	NOME CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN APARTADO 1	PUNTUACIÓN APARTADO 2	PUNTUACIÓN TOTAL
IDISPOS1776/2024	Mussa Makran Ali	56	37	93.00
IDISPOS1782/2024	Andrea Cuartero Martínez	48.1	39	87.10
IDISPOS1792/2024	Manuel Rodríguez Pérez	47.8	39	86.80

○ **CANDIDATURAS EN RESERVA:**

CÓDIGO	NOME CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN APARTADO 1	PUNTUACIÓN APARTADO 2	PUNTUACIÓN TOTAL
IDISPOS1807/2024	María Cascallar Castro	46.8	36	82.80
IDISPOS1793/2024	Ana María Pérez Gutiérrez	53.9	26	79.90

TERCEIRO. Aprobar a relación definitiva de concesión e de candidaturas en reserva da axuda de técnico de plataforma para fortalecer os servizos e impulsar a actividade das plataformas de apoio común do IDIS á seguinte persoa solicitante:

○ **CANDIDATURA CONCEDIDA:**

CÓDIGO	NOME CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN APARTADO 1	PUNTUACIÓN APARTADO 2	PUNTUACIÓN TOTAL
IDISPT1796/2024	Verónica López López	36.5	60	96.5

○ **CANDIDATURAS EN RESERVA:**

CÓDIGO	NOME CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN APARTADO 1	PUNTUACIÓN APARTADO 2	PUNTUACIÓN TOTAL
IDISPT1794/2024	Andrea González Izquierdo	35	60	95
IDISPT1780/2024	Sofía López González	34.5	60	94.5

CUARTO. Publicar o anexo I, que contén as puntuacións das candidaturas obtidas en cada apartado, e desagregada segundo a tipoloxía de méritos indicados no baremo.

QUINTO. Ordenar a publicación dos resultados na web <https://idisantiago.es/>.

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro de 2025.

María Luz Couce Pico
Directora Científica do IDIS